

## RETOS CREATIVOS

Neste apartado propoñémosvos facer voar a vosa imaxinación e divertirvos facendo cousas creativas, nos imos propoñervos algunha idea pero o importante é que vos coas vosas familias saquedes o mellor das vosas mentes. A por eles!!!

### 1.COCIÑA CREATIVA.

Trátase neste reto de facer un prato que pareza unha cousa pero que realmente é outra cousa, o que se denomina TRAMPANTOJO, por exemplo, que vos parece que é este prato:



A que parece un ovo frito, pois nada diso, tratase dunha receita elaborada con iogur natural, melocotón, maza cortada ao xeito das patacas fritidas e xarope de fresa simulando salsa de tomate.

Je! Je!, que divertido non sabemos se estamos co segundo prato ou coa sobremesa.

Ademais do trampantojo tamén podemos facer cociña creativa poñendo toda a nosa imaxinación na presentación dos pratos, por exemplo:



A que están apetitosas estas tostadas simulando uns mouchiños!!!!



E que tal este polbo á feira con base de pasta ???



Ou este postre de palmeras que te transporta ao Caribe, mesmamente. Ummm qué fresquiño!!!



E agora que se acerca o verán esta tortiña para o almorzo con forma de sol. Mesmamente faisenos a boca auga!!!

## 2.CALEIDOSCOPIO.

Para ver a vida en cores pídelle a mamá ou a papá que che voten a man para facer este aparello fantástico:



Necesitas:

- Unhas láminas de papel de aluminio
- Un rolo de papel hixiénico
- Tesoiras
- Cinta adhesiva
- Cartón branco para o círculo xiratorio
- Pintura para pintar o rolo de papel
- Rotuladores ou adhesivos para facer os patróns do círculo xiratorio
- Unha palliña

Segue as ilustracións para a súa elaboración, asoma o ollo polo buratiño, xira o círculo e desfruta coas formas que aparecen (mellor se o enfocas cara a un sitio que sexa luminoso, unha fiestra, unha luz, etc).

### 3.RITMO MUSICAL

Toca facer ritmos co noso corpo, empregando diferentes partes do mesmo: palmas, pitos, patadas, palmada nas pernas, bicos, pedorretas cos beizos, etc.

Ímosvos propoñer por orde de dificultade algúns e despois podedes inventar vos outros diferentes e ir aumentando o grado de dificultade.

1. Palmada-patada-palmada-patada.....
2. Palmada-bico-palmada-bico-palmada- bico.....
3. Palmada-pedorreta-patada-palmada-pedorreta-patada.....
4. Dúas palmadas-unha patada- dúas palmadas-unha patada...
5. Salto-palmada-bico-salto-palmada-bico

Veña animádesvos a inventar outros ritmos?, se queredes podedes gravalo e mandárnolos para ver cal inventastes.

Tamén podedes aumentar o grado de dificultade aumentando a rapidez con que o facedes.

E agora se queredes podedes facer unha clave escrita para cada ritmo.





## 4. FOTOGRAFÍA CREATIVA.

Trátase de facer unha montaxe con cousas que teñades pola casa para facer fotos diferentes as habituais: con poses distintas, simulando ambientes diferentes, usando teas, tizas, diferentes obxectos....

Se vos animades e mandades unha foto, con todas as enviadas faremos unha montaxe para colgar na páxina web para amosar a creatividade que hai no noso colexio.

Imosvos poñer algúns exemplos para que vos inspiredes.





QUE VOS PARECE? DIVERTIDO A QUE SI??

**VEÑA ANIMÁDEVOS!!**